



**FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS
PARA A SÍNDROME DE DOWN
(DOWN GALICIA)**

**CONTAS ANUAIS
E INFORME DE AUDITORIA
EXERCICIO 2015**

ÍNDICE

1. INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS.

2. BALANCE DE SITUACIÓN DE PYMES A 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014.

3. CONTA DE RESULTADOS DE PYMES A 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014.

4. MEMORIA ECONÓMICA DE PYMES 2015.

BALANCE DE PYMES A 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014 (12 meses) (Euros) Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)

ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2015	2014
A) ACTIVO NON CORRENTE		55.609,45€	82.334,55 €
I. Inmovilizado intanxible.	5.1.	4.882,45€	2.247,29 €
III. Inmovilizado material.	5.2.	50.727,00€	80.087,26 €
B) ACTIVO CORRENTE		906.990,11€	825.413,24 €
II. Usuarios e outros deudores da actividade propia.	6.1.	67.918,51€	50.873,22€
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar.	6.2.	747.840,71€	733.707,67 €
VI. Periodificacións a c/p.	6.3.	648,39€	46,12 €
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	6.4.	90.582,50€	40.786,23 €
TOTAL ACTIVO (A+B)		962.599,56€	907.747,79 €

As Notas 1 a 14 da memoria adxunta forman parte integrante do Balance de Situación a 31/12/2015.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2016

Fdo.: Delmiro Prieto González,
D.N.I.:71497418D
Presidente DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Pérez Cabo,
D.N.I.:34243744-X
Vicepresidente DOWN GALICIA

Fdo.: Elías Ledo Fernández,
D.N.I.:76615524-V
Secretario DOWN GALICIA

Fdo.: Jorge González Rodríguez,
D.N.I.:35543930-Y
Tesoureiro DOWN GALICIA

Fdo.: José Antonio Villamarín Cid
D.N.I.: 34938638-M
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: José Martín Rodríguez
D.N.I.:32615115-B
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Álvarez Esmorís
D.N.I.: 32801508-N
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Rafael Cabezas Enríquez
D.N.I.: 34603214-J
Vogal DOWN GALICIA

BALANCE DE PYMES A 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014 (12 meses) (Euros) Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2015	2014
A) PATRIMONIO NETO		129.632,98€	153.784,97€
A-1) Fondos propios	8.	77.588,98€	76.790,86€
I. Dotación fundacional/Fondo social	8.	7.020,90€	7.020,90€
1. Fondo social	8.	7.020,90€	7.020,90€
II. Reservas.	8.	69.405,88€	67.873,11€
IV. Excedente do exercicio	8.	1.162,20€	1.896,85€
A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	11.	52.044,00€	76.994,11€
C) PASIVO CORRENTE		832.966,58€	753.962,82€
I. Provisións a corto prazo	7.0.	5.663,24€	00,00€
II. Deudas a corto prazo.	7.1.	479.435,20€	451.830,25€
3. Outras deudas a corto prazo.		479.435,20€	451.830,25€
IV. Beneficiarios-Acreedores	7.2.	256.090,36€	224.329,04€
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	7.3.	91.777,78€	77.803,53€
2. Outros acreedores.		91.777,78€	77.803,53€
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		962.599,56€	907.747,79€

As Notas 1 a 14 da memoria adxunta forman parte integrante do Balance de Situación a 31/12/2015

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2016

Fdo.: Delmiro Prieto González,
D.N.I.:71497418D
Presidente DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Pérez Cabo,
D.N.I.:34243744-X
Vicepresidente DOWN GALICIA

Fdo.: Elías Ledo Fernández,
D.N.I.:76615524-V
Secretario DOWN GALICIA

Fdo.: Jorge González Rodríguez,
D.N.I.:35543930-Y
Tesoureiro DOWN GALICIA

Fdo.: José Antonio Villamarín Cid
D.N.I.: 34938638-M
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: José Martín Rodríguez
D.N.I.:32615115-B
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Álvarez Esmorís
D.N.I.: 32801508-N
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Rafael Cabezas Enríquez
D.N.I.: 34603214-J
Vogal DOWN GALICIA

**CONTAS DE PÉRDIDAS E GANANCIAS PYMES
A 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014 (12 meses) (Euros)**
Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)

PÉRDIDAS E GANANCIAS	NOTAS da MEMORIA	2015	2014
1. Ing.da actividade propia	10.1.	1.178.051,55	1.131.135,46
a) Cotas de asociados e afiliados	10.1.	1.051,75	1.051,75
b) Aportacións de usuarios.	10.1.	32.189,15	311,08
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	11.	1.144.810,65	1.129.772,63
3. Gastos por axudas e outros	10.2	(185.418,68)	(133.094,50)
a) Axudas monetarias.	10.2	(179.633,89)	(132.440,25)
c) Gtos. por colabor. e do órg. de goberno	10.2	(121,55)	(333,51)
d) Reintegro de subv. doaz e legados	11.	(5.663,24)	(320,74)
7. Outros ingresos da actividade	10.1	7.887,33	2.585,02
8. Gastos de persoal	10.2	(723.968,50)	(691.468,60)
9. Outros gastos da actividade	10.2	(273.413,49)	(307.349,75)
10. Amortización do inmovilizado	10.2./5.1./5.2.	(32.419,25)	(28.512,63)
11. Subvencións, donazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio.	11.	30.378,06	27.453,34
A.1) EXCED DA ACT (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		1.097,02	748,34
14. Ingresos financeiros	10.1.	77,46	1.148,51
15. Gastos financeiros	10.2.	(12,28)	00,00
A.2) EXCED OP FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)		65,18	1.148,51
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		1.162,20	1.896,85
19. Imposto sobre beneficios	9.	00,00	00,00
A.4) VAR.PATR NETO RECOÑEC NO EXCED EX(A.3+19)		1.162,20	1.896,85
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO.			
1 Subvencións recibidas.	11.	1.053.306,05	1.061.382,82
2 Donazóns e legados recibidos.	11.	95.938,55	123.451,63
B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto. (1+2+3+4).		1.149.244,60	1.184.834,45
C) RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO.			
1. Subvencións recibidas.	11.	(1.070.955,27)	(1.058.962,18)
2 Doazóns e legados recibidos.	11.	(103.239,44)	(98.167,24)
C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4).		(1.174.194,71)	(1.157.129,42)
D) VARIACIÓNS DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO (B1+C1).		(24.950,11)	27.705,03
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO.			
F) AXUSTES POR ERRORES.	8.	(364,08)	547,63
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL AO FONDO SOCIAL.			
H) OUTRAS VARIACIÓNS.			

I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A4+D+E+F+G+H).		(24.151,99)	30.149,51
--	--	--------------------	------------------

As Notas 1 a 14 da memoria adxunta forman parte integrante da conta de resultados a 31/12/2015

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2016

Fdo.: Delmiro Prieto González,
D.N.I.:71497418D
Presidente DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Pérez Cabo,
D.N.I.:34243744-X
Vicepresidente DOWN GALICIA

Fdo.: Elías Ledo Fernández,
D.N.I.:76615524-V
Secretario DOWN GALICIA

Fdo.: Jorge González Rodríguez,
D.N.I.:35543930-Y
Tesoureiro DOWN GALICIA

Fdo.: José Antonio Villamarín Cid
D.N.I.: 34938638-M
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: José Martín Rodríguez
D.N.I.:32615115-B
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Manuel Álvarez Esmorís
D.N.I.: 32801508-N
Vogal DOWN GALICIA

Fdo.: Rafael Cabezas Enríquez
D.N.I.: 34603214-J
Vogal DOWN GALICIA

MEMORIA ECONÓMICA PYMES SEN FIN LUCRATIVO
Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down
(Down Galicia)
EXERCICIO 2015

1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

1.1. Constitución.

A **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)**, constituíuse en Santiago de Compostela o 15 de marzo de 1998. O día 2 de xuño de 1998 resólvese a súa inscrición no rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número de protocolo 1998/3-2. O seu CIF é o G-15665144. Declarada de utilidade pública (BOE Nº232, Xoves 28 setembro 2006, Orde INT/2958/2006, de 12 setembro). A Federación tras ser Declarada de utilidade pública no ano 2006, procedeu o 13/12/2006 a solicitar o acollemento á Lei 49/2002, de 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, non habendo renunciado a devandito réxime con posterioridade.

1.2. Actividades.

Os estatutos da Federación citan os seus fins no artigo 6º coa seguinte redacción: “A *Federación ten como fin xeral coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro cara a mellora da calidade de vida de cada persoa con síndrome de Down e discapacidade intelectual e a das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade*”. “Para iso sinálanse como obxectivos a conseguir:

- a) *Impulsar que as persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.*
- b) *Potenciar a constitución de Asociacións e/ou institucións que traballen para persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual.*
- c) *Estimular as relacións entre os membros.*
- d) *Impulsar e potenciar os obxectivos das actividades dos seus membros.*
- e) *Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual.*
- f) *Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a Síndrome de Down e discapacidade intelectual.*

- g) *Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual.*
 - h) *Representar aos seus membros en cuestións de interese xeral ou a petición dos mesmos.*
 - i) *Promover proxectos de integración escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual.*
- ...”

A Federación, en este o seu decimoséptimo ano de vida, desenvolveu fundamentalmente programas dirixidos á promoción da Autonomía Persoal das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, así como aqueles dirixidos a coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa con síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, promovendo o exercicio efectivo dos seus dereitos, deberes e liberdades fundamentais para o seu desenvolvemento integral como persoas.

Ao peche do exercicio 2015 son socios da Federación oito entidades, que se detallan na memoria de actividades.

Dadas as actividades ás que se dedica a Federación, a mesma non ten responsabilidades, gastos, activos, nen provisións e continxencias de natureza medioambiental que poideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma.

Por este motivo non se inclúen desgloses específicos na presente memoria das contas anuais respecto a información de cuestións medioambientais.

1.3. Réxime legal.

A Federación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Asociacións, concretamente a Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polos seus propios estatutos, polo Regulamento de Réxime Interno e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

É de aplicación o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos publicado no Boletín Oficial do Estado o martes, 9 de abril de 2013 trala entrada en vigor do Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade (PGC) ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, publicado no Boletín Oficial do Estado o Xoves, 24 de novembro de 2011. Posto que, tal e como indica, “As normas de adaptación que agora se aproban, (...) son aplicables, con carácter xeral, ás entidades sen fins lucrativos, aínda que a obrigación das mesmas virá imposta polas disposicións

específicas que se dicten ao efecto. Así, o artigo 3 establece a súa aplicación obligatoria a (...) as asociacións declaradas de utilidade pública ao establecerse a obrigaón no artigo 5 do R.D. 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública (...).

A Federación cumpre os requisitos exigidos na Norma Segunda do PGC de “Aplicación do Plan de Contabilidade de Pequenas e Medianas Entidades Sen Fins Lucrativos”.

As contas anuais comprenden **o balance, a conta de resultados e a memoria.**

As bases de presentación destas contas anuais 2015 son:

Imaxen fiel: As contas anuais da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA) -Balance de Situación, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria -, foron elaboradas a partir dos libros e rexistros contables, seguindo os principios de contabilidade xeralmente aceptados e sempre co obxectivo de reflectir a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Federación, así como do grado de cumprimento das actividades da mesma e preséntanse seguindo o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais do exercicio 2014 da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA) foron aprobadas pola súa asemblea en reunión de Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 09/05/2015.

Aínda que, á data actual, as contas anuais ao 31 de decembro de 2015 están pendentes de aprobación pola Asemblea, non se espera que se produzan cambios de significación nas mesmas como consecuencia de devandita aprobación.

As contas anuais ao 31 de decembro de 2015 someteranse a auditoría de contas, sendo aprobado pola Asemblea o nomeamento do Auditor contratado para realizar dita auditoría antes de finalizar o exercicio 2015.

Principios contables: As Contas Anuais foron elaboradas aplicando os principios contables e normas de rexistro e valoración recollidos no Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos publicado no Boletín Oficial do Estado o martes, 9 de abril de 2013.

Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza: non se dan cambios en estimacións contables e as Contas Anuais elabóranse baixo o principio de empresa en funcionamento.

Comparación da información: Estas Contas Anuais 2015 inclúen información comparativa co balance e conta de resultados do exercicio 2014.

Elementos recollidos en varias partidas: non hai elementos do patrimonio de natureza similar que estén rexistrados en dúas ou máis partidas do Balance de Situación.

Cambios en criterios contables: non se realizan axustes por cambios en criterios contables no exercicio.

Corrección de erros: incúense axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio 2014 que se detallan no epígrafe que desenvolve a configuración da conta de reservas.

Importancia relativa: ao determinar a información a desglosar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros e outros asuntos, a entidade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2015.

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

O resultado do exercicio da Federación está composto polos respectivos resultados da actividade federativa.

O exercicio 2015 presenta un resultado a 31 de decembro dun saldo positivo de **1.162.20 euros**.

A proposta de aplicación do excedente é a seguinte:

<i>Base do reparto</i>	<i>Exercicio 2015</i>	<i>Exercicio 2014</i>
Excedente do exercicio:		
Excedente positivo	1.162,20 €	1.896,85 €
Total (resultado positivo neto)	1.162,20 €	1.896,85 €

<i>Aplicación</i>	<i>Exercicio 2015</i>	<i>Exercicio 2014</i>
A reservas voluntarias	1.162,20 €	1.896,85 €
Total	1.162,20 €	1.896,85 €

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

1. Inmovilizado intanxible: todos os elementos do Inmovilizado intanxible da Federación catalóganse como Bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo posto que se posúen cunha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial.

O recoñecemento do inmovilizado intanxible representa o valor das aplicacións informáticas que cumpren o criterio de identificabilidade que implica que un inmovilizado de natureza intanxible cumpra algún dos dous requisitos seguintes:

- a) Sea separable, isto é, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
- b) Surxa de dereitos legais ou contractuais, con independencia de que tales dereitos sexan transferibles ou separables da empresa ou de outros dereitos u obrigas.

A amortización dos elementos de inmovilizado intanxible efectúase seguindo un método lineal, a partir da posta en funcionamento dos bens ou da adquisición do activo, en base aos anos de vida útil estimados para cada elemento ou grupo de elementos, cuxo

detalle inclúese na Nota 5.1. A dotación para amortización do inmovilizado intanxible contabilizada no exercicio 2015 ascendeu a 2.792,79 euros.

Non proceden correccións valorativas por deterioro recoñecidas

Os elementos do inmovilizado intanxible danse de baixa cando non se espera obter beneficios ou rendementos económicos futuros dos mesmos, a perda xurdida ao dar de baixa devandito elemento impútase á conta de perdas e ganancias do exercicio en que esta se produce.

2. Inmovilizado material: todos os elementos do Inmovilizado material da Federación catalóganse como Bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo posto que se posúen cunha finalidade distinta á de xerar un rendimento comercial.

A valoración inicial realízase polo seu custo; prezo de adquisición, incluídos os gastos adicionais e directamente relacionados que se producen ata a súa posta en condicións de funcionamento. Os impostos indirectos que gravan devanditos elementos do inmovilizado material inclúense no prezo de adquisición cando non son recuperables directamente da Facenda Pública.

Con posterioridade ao seu recoñecemento inicial, os elementos do inmovilizado material valóranse polo seu prezo de adquisición menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioro recoñecidas.

A amortización dos elementos de inmovilizado material efectúase seguindo un método lineal, a partir da posta en funcionamento dos bens ou da adquisición do activo, en base aos anos de vida útil estimados para cada elemento ou grupo de elementos, cuxo detalle inclúese na Nota 5.2.

A dotación para amortización do inmovilizado material contabilizada no exercicio 2015 ascendeu a 29.626,46 euros.

Os bens do inmovilizado material non xeradores de fluxos de efectivo daranse de baixa no momento da súa enajenación ou disposición por outra vía ou cando non se espere obter no futuro un potencial de servizo dos mesmos, a perda xurdida ao dar de baixa devandito elemento imputarase á conta de perdas e ganancias do exercicio en que esta se produce

3. Créditos e débitos pola actividade propia: As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados ou outros deudores, con vencemento a curto prazo, orixinarán un dereito de cobro que se contabilizará polo seu valor nominal.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade aos seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinarán o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal

4. Activos financeiros: A entidade recoñecerá un activo financeiro no seu balance cando se convirta nunha parte obrigada do contrato ou negocio xurídico conforme ás disposicións do mesmo.

Os activos financeiros da entidade, a efectos da súa valoración, clasifícanse na seguinte categoría:

1. Activos financeiros a coste amortizado.

Nesta categoría engóbanse as partidas de:

- a) Usuarios e outros deudores da actividade propia; comprende importes que se espera recibir no curto prazo polo que se valoran a valor nominal.
- c) Deudores comerciais e outras contas a cobrar; comprende importes que se espera recibir no curto prazo.

5. Pasivos financeiros: A entidade recoñece un pasivo financeiro no seu balance cando se converta nunha parte obrigada do contrato ou negocio xurídico conforme ás disposicións do mesmo.

Os pasivos financeiros da entidade, a efectos da súa valoración, clasifícanse na seguinte categoría:

1. Pasivos financeiros a coste amortizado.

Nesta categoría engóbanse as partidas de:

- a) Deudas a c/p-Proveedores de inmovilizado a c/p: comprende importes que se espera pagar no curto prazo.
- b) Deudas a c/p con entidades asociadas: comprende importes que se espera pagar no curto prazo.
- c) Deudas a c/p con entidades de crédito por crédito disposto: comprende importes que se espera pagar no curto prazo.
- d) Beneficiarios-acreedores: comprende importes que se espera pagar no curto prazo polo que se valorarán a valor nominal.
- e) Acreedores comerciais: comprende importes que se espera pagar no curto prazo polo que se valorarán a valor nominal.

A entidade da de baixa un pasivo financeiro cando a obriga se extingue.

6. Imposto sobre o Valor Engadido: O IVA soportado non deducible forma parte do prezo de adquisición dos activos correntes e non correntes, así como, dos servizos, que son obxecto das operacións gravadas polo imposto. A Federación no exercicio 2015 realizou actividades exentas do IVA amparadas no Art.20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido e nas resolucións emitidas pola AEAT de recoñecemento de entidade de carácter social nas prestacións de servizos asistencia social e nas prestacións de servizos e entregas de bens accesorias que realiza aos seus asociados e realizou unha prestación de servizo suxeito a IVA dando cumprimento ao establecido na normativa de aplicación, Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

7. Imposto sobre beneficios: O réxime fiscal do imposto sobre sociedades aplicado á federación derívase da aplicación do réxime de rendas exentas da *Lei 49/2002, de 23 de*

decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo. A Federación tras ser Declarada de utilidade pública no ano 2006, procedeu a solicitar o acollemento a devandita Lei 49/2002, de 23 de decembro estando acolleita a devandito réxime no exercicio 2015 posto que non presentou renuncia ao mesmo

8. Gastos e ingresos propios das entidades non lucrativas.

Gastos: Os gastos realizados pola Federación contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incurren, ao marxe da data na que se produza a corrente financeira.

Ingresos: O recoñecemento dos ingresos ten lugar como consecuencia dun incremento dos recursos da entidade determinados con fiabilidade. Os ingresos procedentes da prestación de servizos valóranse polo importe acordado, sendo un valor razoable. As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ao que corresponden. Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos se producen. Realizándose en todo caso as periodificacións necesarias.

Entre os métodos empregados para determinar a porcentaxe de realización na prestación de servizos atópanse, dependendo da natureza da operación: (a) a inspección dos traballos realizados; (b) a proporción dos servizos realizados ata a data como porcentaxe do total de servizos a prestar.

As prestacións de servizos realizadas pola entidade no exercicio 2015 foron de dous tipos:

- Exentos de IVA: non se repercute IVA posto que se trata de actividades exentas do IVA amparadas no Art.20 da *Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido* e nas resolucións emitidas pola AEAT de recoñecemento de entidade de carácter social nas prestacións de servizos de asistencia social e nas prestacións de servizos e entregas de bens accesorias que realiza aos seus asociados.

- Suxeito a IVA: no exercicio 2015 realizouse puntualmente un servizo suxeito a IVA, dando cumprimento ao establecido na *Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido*

9. Subvencións, doazóns e legados recibidos: As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilizaranse, con carácter xeral, directamente no patrimonio neto da entidade para a súa posterior reclasificación ao excedente do exercicio como ingresos, sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención, doazón ou legado. As subvencións, doazóns e legados non reintegrables que se obteñan sen asignación a unha finalidade específica contabilizaranse directamente no excedente do exercicio en que se recoñezan.

Si as subvencións, doazóns ou legados fosen concedidos polos asociados, seguirase este mesmo criterio. Tamén se recoñecerán directamente nos fondos propios, as achegas efectuadas por un terceiro ao fondo social.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexistraranse como pasivos ata que aduqiran a condición de non reintegrables. Consideraranse non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión da subvención, ou doazón legado a favor da entidade, cumpríndose as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción. As subvencións, doazóns e legados recibidos pola entidade no exercicio son de carácter monetario e non monetario e valóranse polo valor razoable do importe concedido e do ben recibido respectivamente. En particular:

a) As obtidas para adquirir un activo só se calificarán de non reintegrables cando se teña adquirido o correspondente activo.

b) As obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, si as condicións do otorgamento esixen a finalización do plan de actuación e a xustificación de que se realizaron as correspondentes actividades, consideraranse non reintegrables cando á pechadura do exercicio se teña executado a actuación, total ou parcialmente. No suposto de execución parcial, o importe recibido calificarase como non reintegrable en proporción ao gasto executado, sempre que non existan dúbidas razoables de que se concluirá nos términos fixados nas condicións do otorgamento.

A imputación a resultados das subvencións, doazóns e legados non reintegrables efectúanse atendendo á súa finalidade, tal que:

a) as concedidas para financiar gastos específicos: impútanse como ingresos no mesmo exercicio no que se deveñan os gastos que estean financiando.

b) as concedidas para adquirir activos do inmovilizado intanxible e material impútanse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada no exercicio para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produciu baixa en balance.

c) Os importes monetarios que se reciban sen asignación a unha finalidade específica imputaranse como ingresos do exercicio en que se recoñezan.

5. INMOVILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE

Detalle das partidas de activo inmovilizado e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións do valor por deterioro:

5.1. Inmovilizado Intanxible.

O estado de movementos do inmovilizado intanxible no exercicio 2014 foi:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2014	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2014
Aplicacións Informáticas (206)	40.716,24€	0,00€	9.553,63€	31.162,61€
Amortización Acumulada (2806)	(36.813,34€)	(1.655,61€)	(9.553,63€)	(28.915,32€)
VALOR NETO	3.902,90€	(1.655,61€)	0,00€	2.247,29€

No exercicio 2015 o estado de movementos do inmovilizado intanxible é:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2015	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2015
Aplicacións Informáticas (206)	31.162,61€	5.427,95€	00,00€	36.590,56€
Amortización Acumulada (2806)	(28.915,32€)	(2.792,79€)	00,00€	(31.708,11€)
VALOR NETO	2.247,29€	2.635,16€	00,00€	4.882,45€

Tanto na valoración inicial á apertura do exercicio 2015 como ao peche do exercicio non se detectan correccións de valor por deterioro das aplicacións informáticas dispoñibles.

Os coeficientes de amortización aplicados son os seguintes:

Elemento	% Amortización	Período
Aplicacións informáticas	25%	48 meses
Licenzas	25% - 33%	48 meses – 36 meses

A continuación detállanse os importes totais do valor de adquisición do inmovilizado intanxible totalmente amortizado ao peche dos exercicios 2014 e 2015:

Elemento	Precio adquisición de I.I.100% Amortizado	
	a 31/12/2015	a 31/12/2014
Aplicacións informáticas	26.478,13 €	24.811,63 €

Parte do inmovilizado intanxible esta subvencionado a través de axudas públicas e/ou privadas sendo traspasadas ao resultado en función da depreciación dos bens subvencionados tal como se detalla na nota 11.

5.2. Inmovilizado material.

Estado de movementos do inmovilizado material no exercicio 2014:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2014	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2014
Outras instalacións (214)	57.557,30€	0,00€	0,00€	57.557,30€
Amortización Acumulada (2814)	(37.350,58€)	(6.906,89€)	0,00€	(44.257,47€)
VALOR NETO	20.206,72€	(6.906,89€)	0,00€	13.299,83€
Mobiliario (215)	19.653,92€	0,00€	0,00€	19.653,92€
Amortización Acumulada (2815)	(14.843,94€)	(1.267,73€)	0,00€	(16.111,67€)
VALOR NETO	4.809,98€	(1.267,73€)	0,00€	3.542,25€
Equipos proceso información (216)	150.640,65€	56.470,74€	1.202,92€	205.908,47€
Amortización Acumulada (2816)	(127.553,05€)	(18.343,57€)	(1.202,92€)	(144.693,70€)
VALOR NETO	23.087,60€	38.127,17€	0,00€	61.214,77€
Outro inmovilizado material (219)	519,00€	1.852,01€	0,00€	2.371,01€
Amortización Acumulada (2819)	(1,78€)	(338,82€)	0,00€	(340,60€)
VALOR NETO	517,22€	1.513,19€	0,00€	2.030,41€
TOTAL	48.621,52€	31.465,74€	0,00€	80.087,26€

Estado de movementos do inmovilizado material no exercicio 2015:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2015	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2015
Outras instalacións (214)	57.557,30€	00,00€	00,00€	57.557,30€
Amortización Acumulada (2814)	(44.257,47€)	(6.906,89€)	00,00€	(51.164,36€)
VALOR NETO	13.299,83€	(6.906,89€)	00,00€	6.392,94€
Mobiliario (215)	19.653,92€	00,00€	00,00€	19.653,92€
Amortización Acumulada (2815)	(16.111,67€)	(1.267,73€)	00,00€	(17.379,40€)
VALOR NETO	3.542,25€	(1.267,73€)	00,00€	2.274,52€
Equipos proceso información (216)	205.908,47€	111,32€	580,00€	205.439,79€
Amortización Acumulada (2816)	(144.693,70€)	(20.845,28€)	(580,00€)	(164.958,98€)

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2015	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2015
VALOR NETO	61.214,77€	(20.733,96€)	00,00€	40.480,81€
Outro inmovilizado material (219)	2.371,01€	154,88€	00,00€	2.525,89€
Amortización Acumulada (2819)	(340,60€)	(606,56€)	00,00€	(947,16€)
VALOR NETO	2.030,41€	(451,68€)	00,00€	1.578,73€
TOTAL	80.087,26 €	(29.360,26€)	00,00€	50.727,00€

A partida Outro inmovilizado material recolle elementos como: cámara de fotos e fundas de tabletas electrónicas.

Os coeficientes de amortización aplicados son os seguintes:

Elemento	% Amortización	Período
<i>Outras Instalacións</i>	12%	100 meses
<i>Mobiliario</i>	10%	120 meses
<i>Equipos proceso información</i>	25%	48 meses
<i>Outro inmovilizado material</i>	25%	48 meses

A continuación detállanse os importes totais del valor de adquisición do inmovilizado material totalmente amortizado ao peche dos exercicios 2015 e 2014:

Elemento	Prezo adquisición de I.M. 100% Amortizado	
	a 31/12/2015	a 31/12/2014
<i>Equipos proceso información</i>	140.243,07 €	119.808,43 €
<i>Mobiliario</i>	6.977,40 €	6.977,40 €

Parte do inmovilizado material está subvencionado a través de axudas públicas e/ou privadas sendo traspasadas ao resultado en función da depreciación dos bens subvencionados tal como se detalla na nota 11.

6. ACTIVOS FINANCIEROS – ACTIVO CORRENTE

A continuación desglósase cada clase de activo financeiro atendendo ás categorías establecidas na norma de rexistro e valoración novena de activos financeiros:

CLASES	Instrumentos financeiros a corto prazo
--------	--

CATEGORÍAS	Créditos e Outros	
	31/12/2015	31/12/2014
Activos financeiros a valor coste amortizado	67.918,51 €	50.873,22 €
<i>Usuarios e outros deudores da actividade propia</i>	67.918,51 €	50.873,22 €
<i>Deudores comerciais e outras contas a cobrar (1)</i>	- €	- €
TOTAL	67.918,51 €	50.873,22 €

(1) Nos exercicios 2015 e 2014, tomando como referencia as interpretacións do “Consejo General de Economistas” publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Activo Financeiro no apartado de “Deudores comerciais e outras contas a cobrar” as partidas correspondentes á Administración Pública.

6.1. Usuarios e outros deudores da actividade propia.

A 31 de decembro de 2015 o seu detalle é o seguinte:

Usuarios e outros deudores da actividade propia	Saldo inicial 01/01/2015	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2015
PATROCINADORES (447)	50.840,25€	134.274,41€	(126.764,41€)	58.350,25€
DEUDORES POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS (448)	32,97€	36.308,65€	(26.773,36€)	9.568,26€
TOTAL	50.873,22€	170.583,06€	(153.537,77€)	67.918,51€

A partida de Patrocinadores correspóndese coas deudas pendentes de patrocinadores privados que colaboran economicamente en proxectos Federativos a través de convocatorias de axudas. A partida de Deudores por prestación de servizos inclúe os saldos pendentes de cobro correspondentes a facturas emitidas por servizos prestados.

6.2. Deudores comerciais e outras contas a cobrar.

Esta partida figura por un total de 747.840,71€ incluído os saldos das Administracións Públicas e que corresponden co seguinte detalle:

Partidas	Euros
Facenda Pública deudora por subvencións concedidas	746.250,30 €
Organismos da Seguridade Social deudores	1.586,00 €
Facenda Pública, retencións e pagos a conta	4,41 €
Total	747.840,71 €

6.3. Periodificacións a curto prazo.

A 31 de decembro do 2015 e 2014 o seu detalle é o seguinte:

Partida	2015	2014
Gastos anticipados	648,39 €	46,12 €
Total	648,39 €	46,12 €

Dita partida de gastos anticipados correspóndense con:

- a periodificación de primas de seguro pola parte de cobertura do risco do exercicio seguinte por importe de 48,39 €.

- o pago das inscricións pola participación no congreso iberoamericano Síndrome de Down que terá lugar no exercicio 2016, por importe de 600 €.

6.4. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.

A 31 de decembro de 2015 e 2014 o seu detalle é o seguinte:

Partidas	2015	2014
Caixa euros	1.429,07 €	2.095,45 €
Bancos contas correntes	89.105,48 €	38.690,78 €
Conta PayPal	47,95 €	0,00 €
Total	90.582,50 €	40.786,23 €

Polos saldos acreedores dispoñibles en contas correntes da Federación retribuíronse uns ingresos financeiros que se detallan na nota 10.1.

7. PASIVOS FINANCIEROS – PASIVOS CORRENTES

A continuación desglósase cada clase de pasivo financeiro atendendo ás categorías establecidas na norma de rexistro e valoración décima de pasivos financeiros e vixésima de subvencións, doazóns e legados recibidos.

CLASES	Instrumentos financeiros a c/p	
	Outros	
CATEGORÍAS	31/12/2015	31/12/2014
Pasivos financeiros a coste amortizado	753.684,13 €	678.879,11 €
<i>Provisións a curto prazo</i>	5.663,24 €	- €
<i>Deudas a c/p-Proveedores de inmovilizado</i>	- €	5.000,00 €
<i>Deudas a c/p transformables en subv.,doazóns e legados (Nota 7.1)</i>	479.435,20 €	446.830,25 €
<i>Beneficiarios-Acreedores</i>	256.090,36 €	224.329,04 €
<i>Acreedores comerciais e outras contas a pagar (1)</i>	12.495,33 €	2.719,82 €
TOTAL	753.684,13 €	678.879,11 €

(1) Nos exercicios 2015 e 2014, tomando como referencia as interpretacións do “Consejo General de Economistas” publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Pasivo Financeiro as partidas correspondentes á Administración Pública.

7. 0. Provisións a curto prazo.

En aplicación ao principio de prudencia, a Federación rexistrou unha provisión no exercicio 2015 debido á comunicación recibida por parte da Xunta de Galicia do inicio dun Procedemento de reintegro parcial correspondente á Subvención Pública concedida no

exercicio 2014 para o Servizo de Información, Orientación e Prospección de emprego. Sendo o importe reclamado 5.663,24 euros.

Desde a Federación, ao entender non correcto o requerimento recibido e non a lugar o reintegro notificado, presentáronse unhas primeiras alegacións que foron desestimadas e posteriormente interpúxose recurso de reposición do cal aínda non se obtivo resposta, polo que, a data de peche do exercicio e elaboración das presentes contas anuais non se ten coñecemento firme de resolución do expediente.

7.1. Deudas a curto prazo.

O detalle deste epígrafe do pasivo do balance a 31 de decembro de 2015 e 2014 é como segue:

	2015	2014
Provedores de inmovilizado a curto prazo	- €	5.000,00 €
Deudas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados	479.435,20 €	446.830,25 €
Total	479.435,20 €	451.830,25 €

Deudas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados		
Consellería de Traballo e Benestar-Dirección Xeral de Emprego e formación (1)	Programas de Cooperación-Programa Activa 15-16 (Parte 2016)	15.494,25 €
Consellería de Traballo e Benestar-Dirección Xeral de Emprego e formación (1)	Programas de Cooperación-Desempregados 15-16 (Parte 2016)	224.057,44 €
Consellería de Traballo e Benestar-Dirección Xeral de Emprego e formación (1)	Programas de Cooperación-A.E. y U.A. 15-16 (Parte 2016)	135.772,40 €
Consellería de Traballo e Benestar-Dirección Xeral de Emprego e formación (1)	IOPE 15-16 (Parte 2016)	18.111,11 €
Donación Privada Fundación Repsol (2)	Inclusión educativa 15-16	6.000,00 €
Donación Privada Proyectos Impulso Banco Popular (2)	Empleo con Apoyo 2016	23.000,00 €
Donación Privada Grupo CIMD (2)	Inclusión educativa 2016	17.000,00 €
Fundación Iberdrola	Empleo con Apoyo 2016	40.000,00 €
	Total	479.435,20 €

(1) Tal e como indica o Plan de Contabilidade de aplicación, a Federación recolle na partida Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados do Pasivo do Balance as axudas obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, é dicir, proxectos de 12 meses ou menos pero que abarcan parte de dous anos naturais

consecutivos, sendo a cuantía máis significativa a correspondente a Subvencións Públicas (1) Subvencións para cubrir gastos de persoal aprobadas a través de resolución en firme en 2015 por parte da Xunta de Galicia e cuxo gasto vaise devengando mensualmente ata a finalización do servizo subvencionado, polo tanto o saldo a 31 de decembro de 2015 componse polo importe que se executará en 2016. (2) As axudas privadas restantes correspóndense a doazóns de entidades privadas concedidas, e que, segundo o indicado na norma de valoración 20ª imputaranse ao resultado do exercicio económico e ao patrimonio seguindo o mesmo devengoo que os gastos que financian e mentres isto non sucede rexístranse como débeda transformable en subvención

7.2. Beneficiarios-acreedores

O detalle deste epígrafe a 31 de decembro de 2015 é como segue:

Beneficiarios-acreedores	Saldo inicial 01/01/2015	Entradas/ Adicións	Saídas/ Disminucións	Saldo final 31/12/2015
Beneficiarios-acreedores	224.329,04 €	179.633,89 €	147.872,57 €	256.090,36 €
TOTAL	224.329,04 €	179.633,89 €	147.872,57 €	256.090,36 €

O saldo ao final do exercicio 2015 correspóndese co reparto de axudas concedidas ás entidades federadas pendentes de pago.

7.3. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.

Na partida de “Acreedores comerciais e outras contas a pagar” a 31 de decembro de 2015 e 2014 contéplase o pasivo seguinte por acreedores pendentes de pago:

	2015	2014
Acreedores por prestación de servizos	12.254,83 €	2.713,04 €
Total	12.254,83 €	2.713,04 €

Información sobre aprazamentos de pago efectuados a provedores-acreedores de bens servizos. Disposición adicional terceira: “Deber de información” da Ley 15/2010, de 5 julio.

	Pagos realizados e pendentes de pago a data de peche do exercicio			
	Exercicio 2015		Exercicio 2014	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal	271.468,54 €	98,94%	334.739,37 €	96,54%
Resto	2.899,97 €	1,06%	11.983,78 €	3,46%
TOTAL PAGOS a acreedores DO EXERCICIO	274.368,51 €	100,00%	346.723,15 €	100,00%
Aprazamentos que á data de peche sobrepasan o prazo máximo legal	- €	- €	- €	- €

O cadro anterior reflicte a cifra total de pagos correspondentes ás partidas de Pasivo II. “Débedas a curto prazo”-Proveedores de Inmobilizado a c/p (nota 7.1) e V. “Acreedores comerciais e outras contas a pagar”-Outros Acreedores de Prestación Servizos, do Balance de situación do exercicio 2015.

Aclarar que no Balance de Situación a 31/12/15, no pasivo corrente figura a partida de “Acreedores comerciais e outras contas a pagar” por un total de 91.777,78 ? incluíndo os saldos coas Administracións Públicas e que se corresponde co seguinte o detalle

	2015	2014
Acreedores por prestación de servizos	12.254,83 €	2.713,04 €
Remuneracións pendentes de pago	240,50 €	6,78 €
H.P. Acreedora por retencións practicadas	11.935,31 €	12.103,42 €
H.P. Acreedora por subvencións a reintegrar	48.180,14 €	44.175,77 €
H.P. IVA repercutido	3.769,50 €	- €
Organismos seguridade social acreedores	15.397,50 €	18.804,52 €
Total	91.777,78 €	77.803,53 €

No saldo de 240,50 € na partida de Remuneracións pendentes de pago correspóndese a dietas liquidadas a finais do mes de decembro 2015 incluídas e pagadas na nómina de xaneiro 2016.

8. FONDOS PROPIOS

De acordo co o artigo 37 dos estatutos, a federación fixou inicialmente un patrimonio fundacional de 601 euros.

O desglose dos fondos propios a 31 de decembro de 2015 e 2014 é ou seguinte:

Concepto	2015	2014
Fondo Social	7.020,90 €	7.020,90 €
Reservas Voluntarias (1)	69.405,88 €	67.873,11 €
Excedente do exercicio (positivo)	1.162,20 €	1.896,85 €
Total fondos propios	77.588,98 €	76.790,86 €

(1) No exercicio 2015 realizáronse distintos apuntes en reservas voluntarias por afectar a partidas de exercicios anteriores, esto implica unha variación por axustes de 364,08 € e o excedente exercicio 2014 traspasado por importe de 1.896,85 €

- o Minoración de reservas voluntarias por un total de 364,08 € de:

REGULARIZACIÓN POR CORRECCIÓN ANOS ANTERIORES	IMPORTE
Axuste pola suma de descuadres en céntimos nas contas coa Seguridade Social e a Hacienda Pública.	(00,01€)
Subsanación de error por computar en exceso no exercicio 2014 o ingreso de subvención recibida (A.E.14-15) e traspasar ao resultado do exercicio 2014 un importe superior ao que corresponde por correlación co gasto dese período.	(294,07€)
Corrección do saldo inicial da conta bancaria Sabadell (Antigua CAM) debido a que no exercicio 2014 non se dispuña da actualización da conta.	(70,00€)
TOTAL DECRECIMENTO RESERVAS VOLUNTARIAS	(364,08€)

Polo principio de importancia relativa, posto que os distintos axustes de reservas voluntarias, por afectar a partidas de exercicios anteriores, só implican unha variación neta de 364,08 € de decrecemento de reservas voluntarias, non se contempla o axuste no balance do exercicio anterior, manténdose según se realizou ao peche e nas contas do 2014.

9. SITUACIÓN FISCAL.

1. Imposto sobre beneficios.

A base imponible do imposto sobre sociedades resulta cero, posto que a totalidade de rendas da Federación áchanse exentas, por ser o resultado obtido no exercicio produto das actividades que constitúen o obxecto social da mesma.

O réxime fiscal do imposto sobre sociedades aplicado á Federación derivase da aplicación do réxime de rendas exentas da **Lei 49/2002**, de 23 de decembro, de **réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo**. A Federación tras ser Declarada de utilidade pública no ano 2006, procedeu a solicitar o

acollemento a devandita Lei 49/2002, de 23 de decembro, manténdose esa condición no exercicio 2015

2. Outros tributos.

En decembro de 2015 a Federación realizou unha operación non exenta de IVA, a diferenza do resto das levadas a cabo no exercicio, pola cal repercutiuse IVA e procedeuse coa liquidación trimestral e ingreso correspondente polo IVA repercutido no cuarto trimestre e coa presentación do resumo anual en xaneiro de 2016. Polo que a data de formulación destas contas as obrigacións en materia de IVA están realizadas.

10. INGRESOS E GASTOS

10.1. INGRESOS.

O montante total de ingresos do exercicio ascendi a **1.216.394,40 €** sendo o detalle:

10.1.a) Ingresos da entidade por actividade propia.

O importe de ingresos pola actividade propia é de 1.178.051,55€, detallándose a continuación as partidas que o compoñen:

No epígrafe de “Cota de asociados e afiliados” recóllese o importe de cota anual de afiliación das entidades membro por un importe total de 1.051,75€.

Na partida de “Achegas de usuarios” recóllense os ingresos por prestacións de servizos sociais especializados realizada nas entidades membro da Federación por unha cuantía total de 32.189,15 €.

As partidas de “Subvencións, donazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia”, por importe de 1.144.810,65€ detállanse na Nota 11

10.1.b) Outros ingresos da actividade.

A partida doutros ingresos da actividade por 7.887,33 € componse de:

- Bonificacións da seguridade social por Formación Continua Bonificada: 2.709,50 €.
- Ingresos Excepcionais: 5.177,83 €. Este ingreso débese ao remanente dunha axuda do exercicio 2004 da Xunta de Galicia (Programa Labora no Centro de Traballo de Lugo 04-05) rexistrándose no exercicio 2005 o gasto correspondente e contabilizándose dito importe na conta de H.P. Acreedora, pero debido a que a data actual non foi reclamado polo organismo financiador, e transcorridos máis de 10 anos, enténdese que non vai ser necesario a súa devolución polo que se xerou un Ingreso Excepcional no exercicio 2015.

10.1.c) Subvencións, doazóns e legados de capital.

As “Subvencións, doazóns e legados de capital imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia”, por importe de 30.378,06 € detállanse na Nota 11.

10.1.d) Ingresos financeiros.

Os ingresos financeiros resultantes no exercicio 2015 ascenden a un total de 77,46 € que se corresponden a:

- Ingresos de saldos acreedores en contas correntes por 24,40 €
- Ingresos de Imposicións a Prazo Fixo a c/p de Banco Sabadell por 53,06 €

10.2. GASTOS.

O montante total de gastos do exercicio ascendeu a **1.215.232,20 €** sendo o detalle:

10.2.a) Axudas monetarias.

A partida de Axudas Monetarias comprende a execución por parte das entidades membro da Federación dos seus plans de traballo dentro dos programas federativos, así como as cotas a entidades ás que está asociada a Federación, ademais recolle unha partida de donazóns efectuadas tal como se detalla:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos (Subvencionadas) (1) (Asoc. Down Ferrol “Teima”, Asoc.Down Coruña, Asoc.Down Lugo, Asoc.Down Ourense, Asoc.Down Pontevedra “Xuntos”, Asoc.Down Vigo y Fundación Down Compostela)	160.608,92 €
Axudas monetarias por asignación directa polo programa de emprego Xuntos Somos Capaces (2) (Asoc. Down Ferrol “Teima”, Asoc.Down Coruña, Asoc.Down Lugo, Asoc.Down Ourense, Asoc.Down Pontevedra “Xuntos”, Asoc.Down Vigo y Fundación Down Compostela)	10.300,00 €
Axudas monetarias concedidas á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela pola colaboración coa Federación (Propias)	300,00 €
Cotas a entidades nas que está asociada a Federación (Down España, Cermi Galicia y EAPN Galicia)	8.324,97 €
Outras doazóns	100,00 €
TOTAL AXUDAS MONETARIAS	179.633,89 €

(1) Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos subvencionados por; IRPF Ministerio de Sanidad, Seguros Sociais e Igualdad (xestionado por Down España), Fundación La Caixa e Fundación AMA.

(2) Axudas monetarias a entidades membro subvencionadas polo Programa Xuntos Somos Capaces da Fundación Konecta e Fundación Mapfre por insercións laborais de persoas con discapacidade.

10.2.b) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno.

A rúbrica de gastos por colaboracións e do órgano de goberno inclúe gastos por un total de 121,55 euros en concepto de reembolso de costes debidamente xustificadas a membros da Xunta Directiva de Down Galicia por diversas actuacións en representación de Down Galicia.

10.2.c) Reintegro de subvencións, doazóns e legados.

No exercicio 2015 a Federación reintegrou 5.663,24 € correspondentes a unha provisión por requerimento recibido por parte da Xunta de Galicia, ver nota 7.0.

10.2.d) Gastos de persoal.

A partida de gastos de persoal por un total de 723.968,50 € comprende o seguinte desglose:

- Soldos e Salarios: supoñen un importe de 550.297,88 € de retribución de salario bruto ao persoal contratado.
- Indemnizacións: supón un importe de 5.017,21 € polas indemnizacións correspondentes á finalización do contrato dunha serie de contratacións temporais.
- Seguridade Social Empresa: ascende a 168.653,41 € polas cargas sociais correspondentes a gastos por cotas da Seguridade Social a cargo da Federación.

En outubro de 2015 publicáronse actualizacións das taboas salariais para os anos 2015 e 2016, esto xerou que en novembro 2015 se incurrixe en gastos polas nóminas de atrasos desde enero 2015.

10.2.e) Outros gastos da actividade.

O desglose da conta de “Outros gastos de actividade” é o seguinte:

Partidas	Importe
Servizo independente - Sistema Xestión Calidade	(3.835,41€)
Primas de Seguros	(1.577,20€)
Servizos bancarios e similares	(295,79€)
Publicidade propaganda e Relacións Públicas	(824,10€)
Outros servizos (2)	(266.266,05€)
Tributos	(25,18€)
Outras pérdidas en xestión corrente	00,64€
Gastos excepcionais	(590,40€)
Total	(273.413,49€)

Detalle da partida “Outros servizos”:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Material de oficina	(2.357,35€)
Comunicacións: Correos	(129,53€)
Comunicacións: Mensaxería	(84,50€)
Servizos telefonía - comunicacións	(4.844,72€)
Servizo de limpeza	(1.782,00€)
Servizos asesoría laboral	(5.084,43€)
Certificación ISO calidade	(559,63€)
Asesoría Xurídica	(853,05€)
Servizos informáticos	(1.507,71€)
Formación profesionais (matriculas, organización e impartición)	(5.132,02€)
Formación continua bonificada (xestión de crédito formativo)	(2.359,50€)
Servizo Prevención Riscos laborais	(1.235,01€)
Auditoría Contas Anuais	(1.399,97€)
Gastos de viaxe	(76,51€)
Auditoría Convenio Xunta de Galicia	(423,50€)
Servizos proxecto "O meu mundo en Fotos"	(2.000,00€)
Transporte persoas usuarias Servizos	(86.900,00€)
Servizos Encontro Familias (actividades e manutención)	(5.453,48€)
Dietas e desprazamentos	(19.438,54€)
